

## Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2023/2024

Normativa reguladora máis relevante: [RD 822/2021](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo [RD 861/2010](#); [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 21 de decembro de 2021.

Denominación do título de MÁSTER proposto	Máster en Ciencia e Tecnoloxías da Información Cuántica
Centro de impartición na UVIGO	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
Obxectivos do título	Ofrecer unha formación avanzada nun tipo de tecnoloxías emerxentes que se espera sexan disruptivas, permitindo o acceso de distintos tipos de perfís de alumnado no ámbito científico-tecnolóxico.
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	9 de Febreiro de 2022
Persoa de contacto no centro	Nome: Marcos Curty
	Email: mcurty@com.uvigo.es
	Teléfono: 986 818 615
É a proposta un título de Máster ligado a competencias profesionais reguladas	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:
Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si Indicar cales: Todos
Cumpre os requisitos específicos para títulos de grao recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si. Indicar cales: Interuniversitario, tener orientación laboral o práctica, cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral
Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación)	T08- Física Aplicada T13- Enxeñaría Telemática T14- Teoría do Sinal e Comunicaciós T17- Matemática Aplicada II
Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do máster e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011	Propónse un máster interuniversitario coa participación das tres universidades do SUG, sendo a USC a coordinadora. O interese e necesidade do máster encádranse no contexto dun tipo emerxente de tecnoloxías, as chamadas tecnoloxías cuánticas, polas cales a

Comunidade Autónoma de Galicia está apostando, en particular coa posta en marcha no ano 2021 do chamado Polo Cuántico Galego. Trátase dun sector estratéxico de futuro no que agora mesmo existe un déficit no que respecta á formación de persoal cualificado.

O obxectivo, polo tanto, é aunar e integrar capacidades dentro do SUG para ofertar unha proposta de formación sólida e competitiva no eido da ciencia e as tecnoloxías cuánticas, con especial énfasis en aspectos de información cuántica.

A proposta cumpre os requisitos do artigo 4 do Decreto 222/2011 como se argumenta a continuación:

1. Procura a incorporación de perfís profesionais de futuro, vinculados a sectores estratéxicos de Galicia. Isto demostrase polo seu encaixe coa RIS3 ao apostar por tecnoloxías de futuro de interese para a dixitalización da sociedade e pola iniciativa do Polo Cuántico de Galicia, que proba que este sector está en liña coa estratexia innovadora da comunidade a medio prazo. Espérase por tanto unha demanda sostida por parte do estudiantado, sobre todo tenendo en conta que se procurará captar estudantes procedentes de diferentes grados.

2. Ten un carácter esencial e estratéxico, xa que non hai en Galicia neste momento unha oferta académica estruturada no eido das tecnoloxías cuánticas. Estes estudos equipararían a oferta coa de outras comunidades como Cataluña, Euskadi ou Madrid.

3. É viable economicamente, xa que non require investimentos en contratación de profesorado nin en medios materiais.

4. Un obxectivo do título xerá fomentar o espírito emprendedor nun eido tecnolóxico de futuro.

5. Como xa se comentou, estes estudos chegarían nun intre oportuno, coincidindo coa creación do Polo Cuántico gallego en 2021 e nun contexto de desenvolvemento internacional destas tecnoloxías. Asimesmo, existen moitas colaboracións internacionais demostrables neste ámbito con participación do SUG.

6. A Comisión Académica do Máster e mais as Comisións de Calidade dos centros implicados

	<p>manterán un constante control sobre o desenvolvemento dos estudos para introducir cambios e melloras cando estimen oportuno.</p> <p>7. Trátase duns estudos de máster novos, sen duplicidade con ningúns existentes dentro do SUG. O grado de coincidencia de materias impartidas estará moi por debaixo do 50% dos créditos.</p> <p>8. A colaboración das tres universidades garante o equilibrio dentro do SUG e a singularidade da proposta, así como a posta en marcha de sinerxias académicas e investigadoras no ámbito académico destes estudos.</p>
--	--

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de Máster que se pretendan implantar no curso 2023/2024 é o **11 de febreiro de 2022**.
- Enviar a [verifica@uvigo.es](mailto:verifica@uvigo.es)